

## In Memoriam

### Comité de Redacción de Recursos Rurais

# Carlos José Alvarez Lopez In Memoriam

© IBADER- Universidade de Santiago de Compostela 2014

O pasado mes de agosto falecía, na cidade de A Coruña, o noso compañeiro Carlos José Alvarez López, promotor e membro do Instituto de Investigación Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader), onde colaborara activamente, mesmo nos últimos tempos cando a enfermidade restáballo forzas. Carlos era un traballador incansable e apaixonado.

Nacera en A Coruña, para posteriormente obter o título de Enxeñeiro Agrónomo na Universidade Politécnica de Madrid. Unha vez finalizada a súa carreira incorporouse ao mundo empresarial como enxeñeiro de proxectos e posteriormente formou parte do corpo de Enxeñeiros da Xunta de Galicia. No curso 1989-1990 obtén unha praza na Escola Politécnica Superior (EPS) do Campus de Lugo, a partir da cal desenvolverá unha intensa e frutífera actividade como docente e investigador, ocupando durante moitos anos a subdirección de organización académica da EPS e a dirección do Departamento de Enxeñaría Agroforestal da Universidade de Santiago. Foi membro do Grupo Promotor para a creación do Ibader, así como membro do seu Comité Científico e do Consello de Goberno deste Instituto dende a súa creación. En xaneiro de 2008 obtiña a primeira cátedra de Proxectos de Enxeñaría da USC.

Ao longo da súa etapa como docente e investigador dirixiu 12 teses doutorais, publicando máis de 70 artigos e libros. Algúns dos seus traballos aparecen recollidos na revista Recursos Rurais, sendo codirector dunha monografía sobre o Desenvolvemento Rural de Galicia.

O Comité de Redacción da revista Recursos Rurais, recollendo o sentir de todos os membros do Ibader, así como de todos os colaboradores e autores da mesma, quere adicar este número á memoria do noso compañeiro e amigo Carlos.

*Sit tibi terra levis*

O Comité de Redacción de Recursos Rurais

Lugo, decembro 2014